

CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	6
<i>Prácticas remuneradas</i>	6
<i>Emprego</i>	6
<i>Financiamento</i>	7
Participación dos cidadáns	9
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	9
Actos xurídicos	10
<i>Actos lexislativos</i>	10
<i>Outros actos</i>	10
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	11
Procesos por infracción contra España	12
Estatísticas do Eurostat	13
<i>Indicadores económicos</i>	13
<i>Outros datos</i>	13
Documentos do Tribunal de Contas da UE	15
Sondaxes do Eurobarómetro	16
Suxestións bibliográficas	18
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	18
<i>Outras obras</i>	19

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido.

ACTUALIDADE

Acordo sobre Xibraltar

Cinco anos despois do *brexit*, foi finalmente alcanzado un acordo entre a UE e o Reino Unido (RU) sobre o estatuto de Xibraltar. Os ministros das Relacións Externas do RU, de España e a UE, xuntamente co ministro principal de Xibraltar, selaron o inicio dunha nova era para o territorio ultramarino británico e a súa relación co bloque comunitario. Aínda que aínda necesite de ser traducido nun tratado xurídico final, o consenso alcanzado pon fin a un dos últimos desafíos que restan no proceso de saída do RU da UE. Unha das mudanzas máis visibles será a desaparición da cerca física que separa Xibraltar da cidade española de La Línea de la Concepción. É o símbolo das novas facilidades para a circulación de persoas e mercadorías entre Xibraltar e España. En troco, Xibraltar concorda en aumentar gradualmente os impostos sobre produtos como o tabaco para evitar a competencia desleal coas empresas veciñas en solo español. Serán tamén feitos progresos no sentido dunha maior harmonización fiscal coa UE.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés), [no Euractiv](#) e [na BBC](#).

Acordo de seguranza e defensa co Canadá

A UE e o Canadá asinaron un amplo pacto de defensa, nun momento en que a actual presidencia dos EUA e a inestabilidade global levan os aliados tradicionais dos EUA a afondar as súas alianzas. O primeiro ministro canadense, Mark Carney, reuniuse coa presidente da Comisión Europea, a alemá Ursula von der Leyen, e co presidente do Consello Europeo, o portugués António Costa, en Bruxelas, onde asinaron unha parcería de seguranza e defensa, prometeron máis apoio á Ucraína e traballaron en cuestións que van desde a crise climática á intelixencia artificial.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no Politico](#) (en inglés).

Relatorio sobre Israel

Unha revisión interna da UE do acordo comercial de Israel co bloque comunitario encontrou que a actividade de Israel en Gaza presenta «indicios de incumprimento» dos compromisos de dereitos humanos establecidos naquel pacto. Porén, nin os estados membros máis críticos, incluíndo Irlanda, defenden o conxelamento das relacións con Tel Aviv e ven esta revisión como unha ferramenta política que pode axudar a mudar a posición de Israel na práctica. A suspensión total do pacto ou dos lazos políticos da UE con Israel exixiría a unanimidade entre os 27 estados da UE, en canto a suspensión parcial dalgúns dos seus capítulos, incluíndo o comercio e a enerxía, exige só unha maioría cualificada.

Máis información [no EUobserver](#), [no The Guardian](#) (en inglés) e [no Euractiv](#).

Taxa de xuros na eurozona

O Consello do Banco Central Europeo (BCE) decidiu reducir as tres taxas de xuro oficiais do BCE en 25 puntos base. En particular, a decisión de reducir a taxa de xuro aplicable á facilidade de depósito — a taxa a través da cal o Consello do BCE define a orientación da política monetaria —

baséase na avaliación actualizada do Consello do BCE das perspectivas de inflación, da dinámica da inflación subxacente e da forza da transmisión da política monetaria.

Comunicado de prensa [no sitio do BCE](#).

Máis información [no *The Guardian*](#) (en inglés) e [no *Euractiv*](#).

Tarifas dos EUA ao aceiro e o aluminio

Os EUA aplicaron un aumento das tarifas sobre o aceiro e o aluminio, duplicándoas para 50 % nun contexto de negociacións comerciais coa China e a UE. O aumento, decidido polo presidente Donald Trump, promete afectar particularmente estados como o Canadá, o principal fornecedor de ambos os metais aos EUA, grandes produtores de aceiro como México, o Brasil, Corea do Sur e o Vietnam, e tamén a China, o segundo produtor de aluminio que máis vende á maior economía do mundo.

Máis información [no *EuroEFE*](#).

Novo marco de axudas estatais

A Comisión adoptou un novo Marco de Axudas Estatais en Apoio ao Pacto para a Industria Limpa (CISAF) para permitir aos estados membros promoveren a enerxía limpa, a descarbonización industrial e as tecnoloxías verdes. O CISAF establece as condicións en que os estados membros prestarán apoio a determinados investimentos e obxectivos ao abrigo das regras da UE en materia de axudas estatais. Ao abrigo deste marco, a Comisión autorizará réximes de axudas adoptados polos estados membros para estimularen a industria limpa, facilitando a rápida concesión de axudas individuais. O CISAF manterase en vigor até 31 de decembro de 2030, proporcionando previsibilidade a longo prazo aos estados membros e ás empresas. O CISAF substitúe o Cadro Temporal de Crise e Transición, en vigor desde 2022.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Lista de países de alto risco financeiro

A Comisión actualizou a súa lista de xurisdicións de alto risco que presentan deficiencias estratéxicas nos seus réximes estatais de loita contra o branqueamento de capitais e o financiamento do terrorismo. As entidades da UE abranguidas polo cadro en materia de loita contra o branqueamento de capitais están obrigadas a aplicar unha vixilancia reforzada nas transaccións que impliquen estes estados. Este aspecto é importante para protexer o sistema financeiro da UE. Foron agregadas á lista varias xurisdicións de terceiros estados (Alxeria, Angola, Costa do Marfil, Quenia, Laos, Líbano, Mónaco, Namibia, Nepal e Venezuela), en canto outras xurisdicións foron retiradas da lista (Barbados, Xibraltar, Xamaica, Panamá, Filipinas, Senegal, Uganda e os Emiratos Árabes Unidos).

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no *Politico*](#) (en inglés), [no *Le Monde*](#) (en francés) e [no *EuroEFE*](#).

Acceso ás materias primas

A Comisión adoptou a primeira lista de proxectos sobre materias primas estratéxicas localizadas fóra da UE, incluíndo en estados e territorios ultramarinos, composta por 13 proxectos. Os proxectos estratéxicos diversificarán as fontes de abastecemento da UE e aumentarán a seguranza económica. Tamén pretenden impulsar a creación de valor local en terceiros estados. Esta iniciati-

va complementa a lista de 47 proxectos estratéxicos localizados na UE. En total, 60 proxectos estratéxicos contribuirán á competitividade da industria da UE, particularmente en sectores como a mobilidade eléctrica, as enerxías renovables, a defensa e a industria aeroespacial. Estes proxectos constitúen os primeiros resultados da implementación do [Regulamento sobre Materias Primas Esenciais](#), que entrou en vigor en maio de 2024.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Axudas do Fondo Europeo de Investimento

O Fondo Europeo de Investimento (FEI), o brazo do Grupo Banco Europeo de Investimento (Grupo BEI) especializado en investimentos en peme e empresas de mediana capitalización, o Ministerio de Economía, Comercio e Empresas e once institucións financeiras asinaron acordos de garantía que permitirán a estas institucións financeiras canalizar 2.500 millóns de euros en novos financiamentos para a economía real. O financiamento será destinado a peme e empresas de mediana capitalización que pretendan investir en innovación, sustentabilidade e competitividade. As garantías son prestadas a través de contribucións do Fondo de Resiliencia Rexional (FRA), financiado polo plano «Next Generation EU», e de fondos propios do FEI.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Sentenza sobre a pesca

O Tribunal Xeral da UE rexeitou varios recursos interpostos por España e por pescadores galegos e asturianos contra a designación de áreas a protexer en España pola Comisión Europea, considerando que existen, ou é probable que existan, ecosistemas mariños vulnerables. O tribunal considera que tal designación garante a súa protección contra os efectos adversos significativos dos equipamentos de pesca de fondo en xeral. A sentenza será firme se non houber ningún recurso contra ela.

Comunicado de prensa [no sitio do Tribunal de Xustiza da UE](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Directiva sobre sufraxio

O Consello adoptou unha directiva revista que aspira a facilitar o dereito de voto e de elexibilidade nas eleccións para o Parlamento Europeo aos cidadáns da UE residentes nun estado membro de que non sexan nacionais. As novas regras queren facilitar a prestación de informacións aos cidadáns ao votaren nas eleccións da UE e o troco de informacións relevantes entre os estados membros, por exemplo, para previr o voto duplo e o voto indebido após unha condena penal. Estas regras tencionan reforzar, así, os dereitos electorais dos cidadáns. Após a publicación da directiva no Diario Oficial da UE e da súa entrada en vigor, os estados membros disporán de dous anos para a trasporen ás súas lexislacións.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Protección do lobo

O Consello adoptou unha modificación á Directiva de Hábitats que altera o nivel de protección dos lobos de especie «estritamente protexida» para especie «protexida». Esta actualización alía a directiva coa Convención de Berna actualizada, o acordo internacional para a protección da flo-

ra, da fauna e dos hábitats en Europa. O novo estatuto proporcionará aos estados membros unha maior flexibilidade na xestión das poboacións de lobos. No entanto, os estados membros deben continuar a garantir o estado de conservación favorable dos lobos e poden continuar a incluílos na lista de especies estritamente protexidas na súa lexislación, prevendo medidas máis rigorosas para a súa protección.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Directiva de alegacións ambientais

A Comisión anunciou que renuncia á súa proposta lexislativa para prohibir as falsas alegacións sobre a protección ambiental ou climática por parte das empresas da UE. A lexislación, coñecida como Directiva das Alegacións Verdes, foi proposta en 2023 e tencionaba impedir que as empresas fixesen alegacións infundadas sobre a súa pegada de carbono, entre outros impactos ambientais. O Partido Popular Europeo apelara ao executivo comunitario para que renunciase á lei. Pouco despois, o grupo dos Conservadores e Reformistas Europeos repetiu o chamamento. A renuncia foi criticada polos socios de investidura socialdemócratas e liberais, e celebrado pola extrema dereita.

Máis información [no Politico](#) (en inglés), [no Euractiv](#) e [no EuroEFE](#).

Directiva de sustentabilidade empresarial e dilixencia debida

Os estados membros da UE, reunidos no Consello, acordaron enfraquecer os padróns de sustentabilidade empresarial e da cadea de abastecemento en comparación coa proposta orixinal da Comisión Europea. No ámbito do mandato de negociación do Consello, os gobernos propuxeron que a nova directiva sería aplicada só a empresas con 5.000 ou máis traballadores e un volume de negocios anual de, polo menos, 1.500 millóns de euros. Alén diso, os gobernos da UE solicitaron un ano extra para traspor os padróns para as súas lexislacións, prolongando o prazo até xullo de 2028. As negociacións finais entre o Consello e o Parlamento Europeo terán inicio así que os eurodeputados adoptaren a súa posición sobre a proposta.

Máis información [no Euractiv](#).

Novas etiquetas de reparabilidade

Os consumidores poden agora ter máis informacións sobre a facilidade de reparación dos seus *smartphones* e *tablets*. A Comisión introduciu un novo sistema de puntuación de reparabilidade, que será mostrado no novo Selo Enerxético que acompaña estes produtos electrónicos. Desta forma, os consumidores poderán facer escollas máis sustentables na compra destes produtos. As puntuacións fornecen unha clasificación clara e fácil para comprender a reparabilidade dun produto, de A (máxima) a E (mínima).

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Multas á Delivery Hero e a Glovo

A Comisión multou a Delivery Hero e a Glovo, dúas grandes empresas de entrega de alimentos, cun total de 329 millóns de euros por participación nun cartel no sector de entrega de alimentos en liña. Especificamente, as dúas empresas acordaron non se apropiar dos colaboradores unha da outra, trocaron informacións sensibles para fins comerciais e compartiron mercados xeográficos. A infracción abrangueu o Espazo Económico Europeo e durou catro anos.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Plano de ciberseguranza

Os Ministros das Telecomunicacións adoptaron un Plano Director de Xestión de Crises de Ciberseguranza da UE, que fornece orientacións para a resposta da UE a incidentes de ciberseguranza a grande escala ou crises de ciberseguranza. O Plano Director de Ciberseguranza da UE preséntase como un importante recurso de orientación a través do cal os estados membros poden mellorar a súa preparación para incidentes de ciberseguranza, así como as súas capacidades de detección e resposta. Baséase nos fundamentos do Plano Director de Ciberseguranza de 2017 e ten en consideración importantes actos xurídicos recentemente adoptados, como a [Directiva SRI 2](#) e o [Regulamento de Cibersolidariedade](#). O novo plano destaca a importancia da cooperación civil-militar na xestión de crises de ciberseguranza — incluíndo en colaboración coa OTAN — a través de mecanismos mellorados de repartición de informacións sempre que sexa posible e necesario.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Pacto dos Océanos

A Comisión adoptou un Pacto Europeo para os Océanos, que pretende promover unha economía azul próspera e apoiar o benestar das poboacións que viven nas zonas costeiras. Na Conferencia dos Océanos da ONU de 2025, a presidenta da Comisión, a alemá Ursula von der Leyen, anunciou un investimento de mil millóns de euros para apoiar a conservación dos océanos, a ciencia e a pesca sustentable. Este novo pacto reúne as políticas da UE sobre os océanos nun cadro único e coordinado. Tal será conseguido a través dunha abordaxe colaborativa entre os estados, as rexións e as partes interesadas da UE, incluíndo os pescadores, innovadores, investidores, científicos e a sociedade civil. A Comisión prometeu reducir para metade a polución por plástico e nutrientes e restaurar 20 % dos ecosistemas mariños da UE de aquí até 2030.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Estratexia hídrica

A Comisión adoptou a Estratexia Europea para a Resiliencia da Auga, que aspira a restaurar e protexer o ciclo da auga, garantir auga limpa e accesible para todas as persoas e crear unha economía hídrica sustentable, resiliente, intelixente e competitiva na UE. Esta estratexia axudará os estados membros a xestionaren a auga de forma máis eficiente, a través da implementación da lexislación da UE en vigor no dominio da auga e de máis de 30 accións.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- A través da [EPSO](#). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.

Emprego

Procesos de selección de funcionarios permanentes

- Procesos de selección da [EPSO](#) para funcionarios permanentes en institucións, organismos e axencias da UE. Prazo até 29 de xullo.

Procesos de selección de persoal contratado (CAST permanente)

- Procesos de selección da [EPSO](#) para persoal contratado (CAST permanente). Sen prazo.

Procesos de selección para outros empregos

- Procesos de selección da [EPSO](#) para persoal contratado e temporal na [Comisión](#). Varios prazos.
- Procesos de selección da [EPSO](#) para persoal contratado e temporal en diferentes institucións e organismos da UE. Varios prazos.
- Procesos de selección da [EPSO](#) para persoal contratado e temporal en axencias da UE. Varios prazos.
- Outros procesos de selección da [EPSO](#). Varios prazos.
- Empregos para investigadores financiados polas accións [Marie Skłodowska-Curie](#) en diferentes campos científicos. Varios prazos.
- Empregos para investigadores no [Centro Común de Investigación da Comisión](#) (*Joint Research Centre, JRC*). Varios prazos.
- Empregos para investigadores científicos ofrecidos por [Euraxess](#). Varios prazos.

Financiamento

Política agraria común

- Subvencións a entidades asociativas do sector agrario e alimentario. Prazo até 14 de xullo.

Acción externa

- Axencia Alxeriana de Promoción de Investimentos. Prazo até 15 de xullo.
- Apoio ONG no Pacífico. Prazo até 29 de xullo.
- Fondo de Facilitación das Iniciativas de Xustiza no Vietnam. Prazo até 4 de setembro.
- Dereitos humanos no Paraguai. Prazo até 10 de setembro.
- Institucións do mercado laboral. Alxeria. Prazo até 23 de setembro.

Sociedade dixital

- Ferramentas de automatización do deseño na nube. Prazo até 30 de xullo.
- Iniciativas Semana do Código 2025 Prazo até 2 de agosto.
- Code4Portugal. Prazo até 3 de agosto.
- Mestrado dixital en sistemas eólicos e enerxéticos. Prazo até 18 de agosto.
- Code4Europe. Prazo até 7 de agosto.
- Campións da Década Dixital. Prazo até 1 de setembro.
- CodeWeek. Prazo até 21 de agosto.
- Fortalecemento do ecosistema de ciberseguranza. Prazo até 7 de outubro.

Investigación e innovación

- Convocatoria Aberta ENVELOPE. Prazo até 31 de xullo.
- XKIC SO Brasil. Prazo até 29 de xullo.
- PoliRuralPlus. Prazo até 31 de xullo.
- Convocatoria aberta Fediverso NGI. Prazo até 1 de agosto.
- Fondo Común Cero del IGN. Prazo até 1 de agosto.
- XR2Industry. Prazo até 12 de agosto.
- Deseño Mestrado en Excelencia Empresarial. Prazo até 14 de agosto.
- Programa Mestrado en Ciencia de Datos. Prazo até 14 de agosto.
- UDENE. Prazo até 16 de agosto.
- Open Horizons. Prazo até 21 de agosto.

- [BioAgora](#). Prazo até 31 de agosto.
- [TALER](#). Prazo até 9 de setembro.
- [EP PerMed Educación 2025](#). Prazo até 9 de setembro.
- [Subvencións a proxectos investigación carbón e aceiro 2025](#). Prazo até 24 de setembro.
- [Premio Europeo Mulleres Innovadoras](#). Prazo até 25 de setembro.
- [Seguranza alimentaria en África](#). Prazo até 30 de setembro.
- [Materiais Avanzados Innovadores](#). Prazo até 2 de outubro.
- [DIGITAL-DATA](#). Prazo até 2 de outubro.
- [DIGITAL-HADEA](#). Prazo até 2 de outubro.
- [DIGITAL-CNECT](#). Prazo até 2 de outubro.
- [Iniciativa Sanitaria Innovadora #11 \[1\]](#). Prazo até 9 de outubro.
- [Iniciativa Sanitaria Innovadora #11 \[2\]](#). Prazo até 9 de outubro.
- [CETPartnership 2025](#). Prazo até 9 de outubro.
- [Noite Europea dos Investigadores nas Escolas](#). Prazo até 22 de outubro.
- [Seguranza civil para a sociedade](#). Prazo até 12 de novembro.
- [Ampliación do Preacelerador CIE](#). Prazo até 18 de novembro.
- [Redes Doutorais Marie Curie 2025](#). Prazo até 25 de novembro.
- [Centros de Excelencia de Computación de Alto Rendemento](#). Prazo até 20 de xaneiro.
- [Premio á innovación SOFT 2026](#). Prazo até 3 de marzo.

Cidadáns

- [ONG ciganas que promoven os valores europeos](#). Prazo até 5 de agosto.
- [Dereitos das persoas con discapacidade](#). Prazo até 26 de agosto.
- [Aplicación da Carta dos Dereitos Fundamentais](#). Prazo até 18 de setembro.

Mercado único e concorrència

- [Formación de xuíces en dereito da Concorrència da UE](#). Prazo até 24 de setembro.

Educación, deporte e xuventude

- [Axudas Erasmus+. Educación non formal. Deporte 2025](#). Prazo até 1 de outubro.
- [Corpo Europeo de Solidariedade en España 2025](#). Prazo até 1 de outubro.
- [Premios #BeActive EU Sport 2025](#). Prazo até 24 de setembro.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Consultas públicas aos cidadáns

Concorrencia

- Axudas estatais: Revisión das normas sobre os servizos de interese económico xeral. Prazo até 31 de xullo.
- Revisión das directrices da UE en materia de concentracións. Prazo até 3 de setembro.

Xustiza e dereitos humanos

- Estratexia da Sociedade Civil da UE. Prazo até 5 de setembro.

Emprego e asuntos sociais

- O novo Plano de Acción para a implementación do Piar Europeo dos Dereitos Sociais. Prazo até 10 de setembro.

Mercado único

- Regulamento sobre os produtos fertilizantes: Avaliación. Prazo até 11 de setembro.

Enerxía

- Paquete enerxético para os cidadáns: Protexer e capacitar os consumidores na transición xusta. Prazo até 11 de setembro.

Transportes

- Estratexia de turismo da UE. Prazo até 12 de setembro.

Asuntos institucionais

- Avaliación de impacto na conservación de datos por prestadores de servizos para procesos penais. Prazo até 12 de setembro.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2025/1106 do Consello, de 27 de maio de 2025, polo cal se crea o instrumento «Acción pola Seguranza de Europa (SAFE) mediante o Reforzo da Industria Europea de Defensa». (Texto pertinente para efectos do EEE.)

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS O Pacto Europeo dos Océanos.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Pesca sustentable na UE: Situación actual e orientacións para 2026.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Ómnibus da Estratexia de Preparación para a Defensa.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS O mercado único: O noso mercado interno europeo nun mundo incerto - Unha Estratexia para facer que o mercado único sexa simple, fluído e forte.
- COMUNICACIÓN CONXUNTA AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Unha Estratexia Dixital Internacional para a UE.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Folla de ruta para un acceso legal e efectivo aos datos para a defensa da legalidade.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Estratexia europea de resiliencia hídrica.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Unha senda predicible e común europea para os ucráinos na UE.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Axudas de estado

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-776/23 P](#), [C-777/23 P](#), [C-778/23 P](#), [C-779/23 P](#) e [C-780/23 P](#), confirmou a anulación da Decisión da Comisión pola cal se declarou ilícito o réxime fiscal español de dedución das adquisicións indirectas de participacións en sociedades estranxeiras.

[Resumo da sentenza.](#)

Asilo, refuxio e inmigración

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-460/23](#), resolveu que un nacional dun país terceiro que entre irregularmente na UE non pode ser sancionado por axuda á entrada irregular polo simple feito de estar acompañado do seu fillo menor. Efectivamente, tal proxenitor non fai outra cousa que exercer a responsabilidade que lle incumbe en relación á crianza.

[Resumo da sentenza.](#)

Ambiente

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-359/24](#), condenou a Grecia por primeira vez por non actualizar os planos de xestión do risco de inundacións para catorce distritos de bacías hidrográficas.

[Resumo da sentenza.](#)

Consumo

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-351/23](#), resolveu que a protección dos consumidores e a existencia dunha protección xurisdiccional efectiva impón que aqueles, en determinadas condicións, poidan impugnar a legalidade da transferencia de propiedade para terceiros após a execución dunha hipoteca sobre a súa vivenda familiar. É o que acontece cando eses consumidores ficaren privados da posibilidade de obterem por vía xudicial a suspensión ou a declaración de nulidade desa execución debido á existencia de cláusulas abusivas no contrato que deu lugar á referida execución, non obstante indicios concordantes canto ao carácter potencialmente abusivo desas cláusulas e do feito de o adquirente estar informado da existencia de tal proceso xudicial no momento da transferencia de propiedade.

[Resumo da sentenza.](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Emprego e dereitos sociais

A Comisión Europea decidiu levar España [INFR(2022)0354] perante o TXUE por non traspasar integramente para o seu dereito a Directiva relativa a condicións de traballo transparentes e previsibles [Directiva (UE) 2019/1152]. Para máis información, pódese consultar [o comunicado de prensa correspondente](#).

Fiscalidade

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)4007] por non adaptar as súas regras relativas á tributación das casas dos contribuíntes non residentes utilizadas como residencia habitual á libre circulación de traballadores ([artigo 45.º do TFUE](#) e [artigo 28.º do Acordo EEE](#)) e á libre circulación de capitais ([artigo 63.º do TFUE](#) e [artigo 40.º do Acordo EEE](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Ambiente

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)2026] por non traspasar correctamente a Directiva de Auga Potable refundida ([Directiva \(UE\) 2020/2184](#)), que contribúe a mellorar a resiliencia da auga en toda a UE e alcanzar a ambición da UE de polución cero. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)2029] por non traspasar correctamente a Directiva Seveso III ([Directiva 2012/18/UE](#)) relativa ao control dos perigos asociados a accidentes graves en que interveñan substancias perigosas. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Produción na construción.
- Inflación anual na eurozona.
- Custos da man de obra na eurzona.
- Oferta de emprego na eurozona.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Produción industrial.
- Produción nos servizos.
- Volume de comercio retalista.
- PIB e emprego na eurozona.
- Desemprego na eurozona.
- Prezos da produción industrial.

Outros datos

- Estatísticas chave.
- Comercio UE-Mercosur.
- Peticións de asilo e protección temporal.
- Exportacións de servizos técnicos, comerciais e outros servizos empresariais.
- Risco de pobreza.
- Enerxía proveniente de fontes renovables.
- Consumo das familias.
- Consumo individual efectivo per cápita.
- Investimento en protección ambiental.
- Características económicas das empresas.
- Fluxos do mercado de traballo.
- Privacións materiais entre as crianzas.
- Taxa de emprego e atonía do mercado laboral.

- Metas de desenvolvemento sustentable: Enerxía limpa e accesible.
- Prezos agrícolas.
- Privacións materiais e sociais graves entre as persoas de 15-29 anos.
- Educación pre-escolar.
- Moedas usadas no comercio extracomunitario.
- Produción mercantil total.
- Protección temporal.
- Traballo após a xubilación.
- Datos ambientais.
- Desenvolvemento sustentable.
- Comercio de servizos de I+D.
- Pernoitas turísticas.
- Crianzas en risco de pobreza ou exclusión social.
- Desigualdades no emprego.

DOCUMENTOS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 16/2025: Financiamento da UE para loitar contra os incendios forestais.
- Relatorio Especial 15/2025: Axuda humanitaria da UE en réxime de xestión á distancia.
- Revisión 03/2025: Oportunidades para o Marco Financeiro Plurianual pos-2027.
- Revisión 04/2025: O futuro da política de cohesión da UE: Tirar leccións do pasado.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Investindo na xustiza

Esta sondaxe do Eurobarómetro demostra un amplo apoio a políticas que promoven a xustiza e a inclusión, nomeadamente cando se trata de oportunidades de emprego, servizos públicos de calidade e apoio ás persoas en plena mudanza.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Introdución do euro nos estados membros que aínda non adoptaron a moeda común – primavera de 2025

59 % das persoas que viven en estados membros que aínda non adoptaron o euro séntense informados sobre o euro, en canto 40 % afirman non se sentir informados. 52 % das persoas consideran que a introdución do euro terá consecuencias positivas para o seu estado e 55 % son persoalmente a favor da idea de introducir o euro no seu estado. 87 % dos cidadáns que viven en estados membros que aínda non forman parte da eurozona afirman xa utilizar notas ou moedas de euro. Ao mesmo tempo, 83 % concordan que conseguirán adaptarse persoalmente á substitución da súa moeda nacional polo euro.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Eurobarómetro Standard 103 – primavera de 2025

52 % dos cidadáns consultados tenden a confiar na UE, o resultado máis elevado desde 2007. Nunha nova marca de 18 anos, 52 % dos cidadáns afirman confiar na Comisión Europea. Ao mesmo tempo, 43 % dos cidadáns da UE continúan a ter unha imaxe positiva da UE, en canto 38 % teñen unha imaxe neutra e 18 % teñen unha imaxe negativa da UE, e 62 % dos cidadáns da UE son tamén optimistas canto ao futuro da UE. Case nove de cada dez persoas (88 %) concordan que debería haber máis cooperación baseada en regras entre os estados e as rexións do mundo e 78 % están preocupadas coa defensa e a seguranza da UE nos próximos cinco anos, en canto 81 % están a favor dunha política común de defensa e seguranza entre os estados membros da UE — o resultado máis elevado desde 2004. De acordo cos cidadáns consultados, a UE debe tomar medidas a medio prazo na área da seguranza e defensa (39 %), seguida pola economía (29 %), a migración (24 %), e o clima e o ambiente (24 %). 74 % no conxunto da UE e 83 % na eurozona están a favor da moeda única, o euro, representando o maior apoio de sempre. No entanto, cando se trata da percepción da situación da economía da UE, 44 % das persoas considéranla boa, en canto 48 % considéranla má. Moitos cidadáns (43 %) pensan que a situación económica da UE se manterá estable nos próximos 12 meses. A invasión da Ucraína por Rusia continúa a ser considerada a cuestión máis importante a nivel da UE (27 %), seguida pola situación internacional con 24 % e pola seguranza e defensa con 20 %, en canto 77 % das persoas concordan que a invasión da Ucraína por Rusia é unha ameaza á seguranza da UE.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Opinión pública sobre os desafíos urbanos e o investimento nas cidades

Con 75 % dos cidadáns da UE a vivir actualmente en cidades e áreas urbanas — un número que deberá aumentar para 78 % até 2050 — as cidades da UE continúan a ser motores vitais do crece-

mento económico, da innovación e do emprego. Ao mesmo tempo, as poboacións urbanas están cada vez máis preocupadas con cuestións locais fundamentais. A falta de vivenda a prezos accesibles é, de lonxe, a cuestión máis urxente para os inquiridos que viven en cidades, con 51 % a considerala un problema inmediato e urxente. Paralelamente, os habitantes das cidades destacaron dúas áreas chave que máis necesitan de mellorías: a calidade dos servizos públicos (seleccionada por 42 %) e a seguraza nos espazos públicos (36 %).

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

A Década Dixital 2025

O Eurobarómetro «Estado da Década Dixital 2025» presenta a visión e a opinión dos cidadáns da UE sobre aspectos chave da transformación dixital nos 27 estados membros da UE.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Dobre, Daniela, e Miguel Azpitarte Sánchez. 2025. *La independencia del Banco Central Europeo: Fundamentos constitucionales de un régimen jurídico en transformación*. Las Rozas: Aranzadi.

A través dunha análise teórica e práctica global, este libro explora a evolución do estado constitucional pos-Segunda Guerra Mundial e a adopción da racionalidade técnica como resposta aos desafíos económicos e sociais contemporáneos. A obra ofrece unha análise da transformación do estado constitucional e da racionalidade técnica no contexto europeo; un estudo dos fundamentos e da lexitimidade dos bancos centrais; unha reflexión sobre a estabilidade financeira e o papel da UE na eurozona.

Lucarelli, Sonia, e James Sperling, eds. 2025. *Handbook of European Union Governance*. Cheltenham: Edward Elgar Publishing. <https://doi.org/10.4337/9781803925189>.

Este manual compara os sistemas global, ambiental, de seguranza, económico e social da gobernanza da UE. Identifica os fundamentos teóricos e as características de cada sistema de gobernanza e examina como estes garanten a seguranza pública, o benestar social, a sustentabilidade e a competitividade económica. Especialistas de renome na área exploran a evolución dos dominios, institucións e instrumentos políticos e avalían os niveis de competencia política entre a UE e os seus estados membros. Analizan a forma como a transformación da gobernanza da UE foi influenciada polas ameazas á seguranza e polos desequilibrios económicos que pon en perigo as liberdades civís e a prosperidade individuais. O manual fornece tamén informacións útiles sobre a prevalencia da gobernanza multinivel na UE, desde as estruturas locais ás globais, e describe como as preferencias opostas dos estados membros poden impedir a gobernanza global.

Garrido, Antonio, e Esteban Sanromá. 2025. *Las economías europeas en el siglo XXI*. Madrid: McGraw Hill.

Este é un texto sobre as economías dos países da UE, e non sobre as institucións e políticas comúns da UE. Esta abordaxe é completamente innovadora en comparación cos moitos libros publicados sobre a UE. Constitúe, por iso, un excelente manual sobre a economía comunitaria. O libro está estruturado en nove capítulos que analizan os temas máis importantes destas economías: crecemento a longo prazo, ciclo de negocios e desempeño recente, estrutura produtiva, competitividade, mercados de traballo, sistemas financeiros, enerxía e sector público.

Outras obras

Coman, Ramona, e Vivien Sierens, eds. 2024. *EU Council Presidencies in Times of Crises*. Cham: Palgrave Macmillan. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-44788-4>.

O Consello da UE é unha institución poderosa cuxa centralidade se viu cuestionada polo Tratado de Lisboa. Máis de dez anos despois desta importante revisión institucional, este libro analiza o seu papel dentro do réxime político da UE e as súas interaccións con outras institucións. Explora como a Presidencia do Consello sorteou importantes crises durante a última década e abordou desafíos internos. Os distintos capítulos abordan cuestións chave: Como evolucionou a relación entre o Consello e o Consello Europeo ao longo do tempo? En que medida as recentes crises transformaron a relación entre o Consello e o Parlamento Europeo, alén das súas interaccións coa Comisión? Continúa sendo a Presidencia do Consello un mediador influente? Cales son os seus desafíos internos? Cales son as perspectivas do sistema de presidencia rotatoria?

Tyagi, Kalpana, Anselm Kamperman Sanders, e Caroline Cauffman, eds. 2024. *Digital Platforms, Competition Law, and Regulation: Comparative Perspectives*. Oxford: Hart. <http://dx.doi.org/10.5040/9781509969418>. (Dispoñible en PDF de acceso aberto.)

Este libro ofrece unha perspectiva comparativa e interdisciplinaria sobre os singulares desafíos que expón a converxencia dos mercados dixitais para o dereito da concorrència. Após a dixitalización, mesmo dos sectores máis tradicionais da economía, o bo funcionamento do mercado interno só pode ser garantido asegurando a competitividade dos mercados dixitais. Que papel desempeñan o dereito da propiedade intelectual e o dereito da concorrència neste mundo dixital? Como pode unha análise máis económica fortalecer as políticas de innovación para atinxir un mercado único dixital verdadeiramente competitivo? O libro ofrece unha análise rigorosa das numerosas razóns polas que as respostas regulatorias, non só na UE senón tamén noutras xurisdicións, poden ser insuficientes. Aborda diversas cuestións procesuais, substantivas e doutro tipo que están a xerar un intenso debate na comunidade antimonopolio. A Parte 1 ofrece unha perspectiva interdisciplinaria detallada sobre as solucións lexislativas máis recentes na UE, a saber, a Lei de Servizos Dixitais, a Lei de Mercados Dixitais e a Lei de Datos. A Parte 2 ofrece respostas regulatorias e de concorrència a estes desafíos dixitais en constante evolución por parte dos reguladores do Reino Unido, os Estados Unidos, Latinoamérica, a India e a China.

Koltay, András. 2024. *Media Freedom and the Law: The Regulation of a Common European Idea*. Londres: Routledge. <https://doi.org/10.4324/9781003321569>.

Os principais obxectivos da regulación dos medios de comunicación na UE son protexer a liberdade de prensa, garantir a súa responsabilidade social e previr os danos causados polas expresións publicadas a través deles. Este libro investiga como estes obxectivos se reflicten nos réximes xurídicos e a xurisprudencia comunitaria a nivel supranacional, rexional e nacional. Aborda as consideracións teóricas que subxacen á protección e restrición da liberdade de prensa. Parte da hipótese de que na UE existe un ideal común de liberdade de prensa como dereito humano. Alén do dereito da UE e, en moitos casos, de normas estatais similares, pódense identificar numerosos puntos en común en toda a UE nos fundamentos teóricos deste dereito, e a historia das loitas por esta liberdade en diferentes estados europeos tamén mostra características comúns. Aínda que o libro se centre na liberdade de prensa na UE, tamén analiza o concepto singularmente distinto de liberdade de expresión e dos medios de comunicación que prevalece nos EUA, cuxos principios teñen un impacto significativo en Europa.